

Proxecto de Orde do xx de xxxxxx de xxxx pola que se regula o recoñecemento de interese sanitario para actos de carácter científico.

A divulgación dos feitos científicos pódese realizar a través dos canais académicos e dos medios de comunicación, contribuíndo a súa presentación nos eventos científicos á socialización dos resultados derivados das investigacións.

Coa declaración de interese sanitario para actos que tendan a promover a ampliación e difusión das ciencias e técnicas relacionadas coa saúde, preténdese que os ditos actos supoñan un elemento que contribúa a facilitar a actualización permanente de coñecementos así como a súa correspondente aplicación na mellora da calidade dos servizos que o sistema sanitario de Galicia presta ás persoas usuarias.

O artigo 106 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, establece que as actividades de investigación haberán de ser fomentadas en todo o sistema sanitario como elemento fundamental para o progreso deste.

A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia recolle no seu artigo 125.3, que a consellería competente en materia de sanidade promoverá a formación continuada dos/as profesionais do Sistema Público de Saúde de Galicia, co obxectivo de adecuar os seus coñecementos e habilidades ás súas necesidades.

Tamén a Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, no artigo 34, establece como principio xeral que “a formación e o desenvolvemento da competencia técnica dos profesionais deben orientarse á mellora da calidade do Sistema Nacional de Saúde”, requirindo para iso “a actualización permanente de coñecementos, orientada a mellorar a calidade do proceso asistencial e garantir a seguridade do usuario”.

Coa finalidade de levar a cabo na comunidade autónoma galega a promoción e desenvolvemento deses estudos e investigacións científicas de ámbito sanitario aprobouse a Orde do 17 de novembro de 1986 pola que se regulaba o recoñecemento de interese sanitario para actos de carácter científico.

Foi substituída posteriormente pola Orde do 7 de maio de 1992, que contemplaba como obxecto principal a atribución ás delegacións provinciais da consellería con competencia en materia de sanidade da capacidade de resolución sobre o recoñecemento de interese sanitario e establecía un modelo normalizado de solicitude a tal efecto.

Coa entrada en vigor do Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia suprimíronse as delegacións provinciais e territoriais das distintas consellerías, sendo substituídas polas Xefaturas Territoriais.

É así, que a capacidade de recoñecer o interese sanitario desas actividades (sexan estas actos, reunións, congresos ou xornadas) lle corresponderá á Xefatura Territorial da consellería con competencia en materia de sanidade que corresponda, segundo a provincia na que se celebre a actividade ou, no caso de cursos impartidos exclusivamente por medios telemáticos, a correspondente á sede física da entidade organizadora.

O Decreto 41/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, completa máis polo miúdo o anterior ao recoller no artigo 19.2.2.d) como función do Servizo de Xestión da respectiva Xefatura Territorial as propostas de recoñecemento de interese sanitario para actos de carácter científico.

Asemade, coa actualización do marco normativo que se pretende abordar coa aprobación desta orde dáse cumprimento á obriga da transformación da Administración en electrónica, rexida polo principio de eficacia que proclama o artigo 103 da Constitución. A Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común foi consciente do impacto das novas tecnoloxías nas relacións administrativas, sendo a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, a que lles deu carta de natureza legal ao establecer o dereito da cidadanía a se relacionaren electronicamente coas Administracións públicas, así como a obriga destas de se dotaren dos medios e sistemas necesarios para que ese dereito se poida exercer. Este singular punto de partida que pon ao/á cidadán/cidadá e os seus dereitos na base de toda actuación administrativa trouxo consigo a asunción do compromiso xurídico de incorporar as tecnoloxías da información á totalidade das funcións administrativas.

Sen embargo, na actualidade, a tramitación electrónica non pode ser aínda unha forma especial de xestión dos procedementos senón que debe constituír a actuación habitual das Administracións públicas.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas contéplase unha Administración sen papel baseada nun funcionamento integramente electrónico que serve mellor os principios de eficacia e eficiencia, ao aforrar custos á cidadanía e ás empresas, reforzando as garantías das persoas interesadas. A constancia de documentos e actuacións nun arquivo electrónico facilita o cumprimento das obrigas de transparencia, pois permite ofrecer información puntual, áxil e actualizada a aquelas.

Coa nova lei de procedemento administrativo búscase afondar na axilización dos procedementos cun pleno funcionamento electrónico, pretendendo acadar un mellor cumprimento dos principios constitucionais de eficacia e seguranza xurídica que deben rexer a actuación das Administracións públicas.

Nesta liña, xa o artigo 9 do Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración

electrónica, establecía a previsión de que as administracións públicas manterán actualizado un inventario de información administrativa, que incluíra os procedementos administrativos e servizos que prestan de forma clasificada e estruturados en familias, con indicación do seu nivel de informatización.

A nivel autonómico, o Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, establece o marco estable en materia de Administración electrónica en Galicia, co fin de dar cumprimento ás prescricións legais en vigor, e alcanzar unha Administración pública galega coordinada, cohesionada, interrelacionada e interoperable que sexa eficiente e útil á cidadanía.

Así pois, coa aprobación desta orde preténdese regular o procedemento de recoñecemento do interese sanitario de actos, reunións, cursos, congresos e xornadas que pretendan promover o estudo, difusión, formación ou especialización das ciencias e técnicas relacionadas coa saúde, dando así cumprimento ás previsións xerais contidas na Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, prevese que a presentación das solicitudes se realizara unicamente por medios electrónicos, ao ir dirixida esta orde ás asociacións, fundacións, corporacións e outras entidades de natureza pública ou privada que acrediten ter personalidade xurídica e estar legalmente constituídas.

Por outro lado, a Fundación Pública “Escola Galega de Administración Sanitaria”, cuxa constitución foi autorizada polo Consello da Xunta de Galicia o 19 de decembro de 1997 e que foi recoñecida como de interese sanitario pola Orde da Consellería da Presidencia e Administración Pública do 27 de xaneiro de 1998, veu realizando ata o pasado ano unha importante labor formativa do persoal do sistema galego de saúde, labor que agora pasa a ser desempeñada pola Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, creada polo Decreto 112/2015, do 31 de xullo, ao abeiro do disposto na disposición adicional quinta do Decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, no artigo 114 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

A constitución e posta en funcionamento desta nova axencia pública autonómica, encargada de desenvolver todas as competencias da consellería competente en materia de sanidade en materia de xestión da formación e acreditación dos profesionais do sistema galego de saúde, a investigación sanitaria e a avaliación de tecnoloxías sanitarias, levou consigo a extinción da Fundación Pública “Escola Galega de Administración Sanitaria”.

Á vista do recoñecemento do interese sanitario outorgado de modo xenérico pola Orde comunicada do 6 de maio de 1998 a todas as actividades nas que, dun modo ou outro, estivera presente a Fundación Pública “Escola Galega de Administración Sanitaria”, o cal dispensaba da necesidade de instar, por cada actividade, a intervención da Delegación Provincial respectiva, semella agora tamén necesario e consecuente exceptuar a todos os actos, actividades, reunións, cursos, congresos e xornadas que organice a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde da necesidade da resolución administrativa de recoñecemento, tendo todos eles implicitamente recoñecido o carácter de interese sanitario.

Deste xeito, os cambios na realidade administrativa producidos durante a vixencia da anterior orde, a experiencia da xestión do recoñecemento como de interese sanitario e as modificacións normativas operadas fan aconsellable a actualización do marco normativo nesta materia.

En consecuencia, de conformidade coas competencias recoñecidas no artigo 33.1 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia, e de acordo coas facultades que me confiren os artigos 34.6º e 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

ACORDO

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

1. O obxecto desta orde é regular o procedemento e as condicións para proceder ao recoñecemento do interese sanitario das reunións, cursos, congresos, xornadas e demais actos de carácter científico que pretendan promover o estudo, difusión, formación ou especialización das ciencias e técnicas relacionadas coa saúde.

2. Esta orde será de aplicación a aqueles actos, reunións, cursos, congresos e xornadas organizadas no ámbito xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Quedan excluídas do procedemento para o recoñecemento de interese sanitario as actividades de formación continuada acreditadas, dirixidas a profesionais sanitarios, de conformidade co disposto no Capítulo IV da Lei 44/2003, de 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias.

Artigo 2. *Beneficiarias*

Poderán solicitar o recoñecemento de interese sanitario aquelas asociacións, fundacións, corporacións e outras entidades de natureza pública ou privada que acrediten ter personalidade xurídica e estar legalmente constituídas.

Artigo 3. *Solicitudes*

1. A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de conformidade co establecido nos artigos 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, e 24.2 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.es/chave365>).

2. A dita solicitude, dirixida á Xefatura Territorial da consellería con competencia en materia de sanidade que corresponda en función da provincia na que se celebre a actividade ou, no caso de cursos impartidos exclusivamente por medios telemáticos, a correspondente á sede física da entidade organizadora, será subscrita polas persoas organizadoras do acto ou os/as seus/súas representantes legais, axustándose ao modelo que figura no Anexo I. Esta solicitude deberá presentarse, polo menos, con tres meses de antelación ao inicio da actividade de que se trate.

Artigo 4. *Documentación*

1. Xunto coa solicitude, incorporárase a seguinte documentación:

a) Datos de identificación da entidade organizadora (nome, domicilio social, número de membros, composición da xunta directiva, publicacións que edita, actos científicos organizados pola entidade nos dous últimos anos).

b) Memoria na que se expoña o lugar e data prevista de celebración da actividade, tipo de actividade que se vai desenvolver, obxectivos que se perseguen con esta e o número de participantes previsto.

c) Programa científico que inclúa un avance das conferencias, charlas, relatorios ou comunicacións que en cada caso vaian ter lugar, así como a relación dos/das conferenciantes ou profesorado e a súa cualificación profesional.

d) Declaración responsable de que a entidade dispón de orzamento económico suficiente para o desenvolvemento da actividade.

e) Declaración responsable de que a actividade será desenvolvida con pleno cumprimento da normativa laboral, da Seguridade Social, de prevención de riscos laborais, de protección de datos persoais e demais normativa aplicable que se atope vixente en cada momento.

f) Linguas oficiais do acontecemento.

2. A documentación complementaria poderase presentar electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto nos artigos 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente do formulario principal, a persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.

Artigo 5. Consentimentos e autorizacións

1. A tramitación do procedemento require a incorporación de datos ou documentos coa finalidade de acreditar a identidade da persoa ou persoas solicitantes. Polo tanto, o modelo de solicitude normalizado incluírá unha autorización expresa ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos achegados. No caso de que non se autorice ao órgano xestor para realizar esta operación, a persoa ou persoas solicitantes estarán obrigadas a achegalos nos termos exixidos polas normas reguladoras do procedemento.

2. As solicitudes das entidades interesadas acompañarán os documentos e as informacións determinados no artigo 4, salvo que os documentos exixidos xa estivesen en poder de calquera órgano da administración actuante; neste caso a entidade solicitante poderá acollerse ao establecido na letra d) do artigo 53 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia nos que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á entidade solicitante a súa presentación, ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Artigo 6. Resolución

1. Correspóndelle á persoa titular da Xefatura Territorial da consellería con competencia en materia de sanidade da provincia onde se pretenda realizar o acto, reunión, congreso ou actividade, ou no caso de cursos impartidos exclusivamente por medios telemáticos, á correspondente ao lugar onde se atope a sede física da entidade organizadora, cos informes e asesoramento previos que estime necesarios, resolver conceder ou denegar o recoñecemento do interese sanitario, previa proposta do Servizo de Xestión.

2. A resolución declarando o recoñecemento de interese sanitario non implicará ningunha identificación por parte da consellería competente en materia de sanidade co contido da actividade recoñecida.

No caso de actividades periódicas, a resolución terá validez unicamente para as edicións solicitadas dentro do mesmo ano natural. A tal fin, cada edición deberá cumprir os requisitos previstos no artigo 4, e resultar autorizadas expresamente na mesma resolución.

3. O recoñecemento deberá ser notificado conforme aos artigos 40 a 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A solicitude entenderase estimada se non recae resolución expresa no prazo máximo dun mes dende a data de presentación pola entidade interesada da documentación completa mencionada no artigo 4 ou, da que no seu caso lle fora requirida.

4. As Xefaturas Territoriais remitirán mensualmente á Secretaría Xeral Técnica da consellería con competencia en materia de sanidade unha relación de todos os recoñecementos de interese sanitario outorgados.

5. Contra a resolución denegatoria poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da consellería con competencia en materia de sanidade no prazo dun mes dende a súa notificación.

Artigo 7. Efectos do recoñecemento

O recoñecemento de interese sanitario dará lugar ás seguintes facultades:

- a) Utilizar o dito recoñecemento en toda clase de documentación do acto.
- b) Desfrutar das exencións que legalmente se establezan a favor deses actos.

Artigo 8. Conclusións ou acordos dos actos recoñecidos

No prazo de dous meses, contados a partir da data do remate do acto recoñecido como de interese sanitario, os organizadores ou, en todo caso, os órganos de dirección da entidade organizadora do acto, estarán obrigados a remitirle á Xefatura Territorial da consellería con competencia en materia de sanidade que corresponda as conclusións ou acordos adoptados.

Artigo 9. Datos de carácter persoal

De conformidade coa Lei Orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autorízase polas persoas ou entidades interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado "Usuarios e profesionais do Sistema Sanitario" cuxo

obxecto é xestionar este procedemento, así como para informar as persoas ou entidades interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 15703, Santiago de Compostela.

Artigo 10. Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde

1. Todos aqueles actos, actividades, reunións, cursos, congresos e xornadas que organice a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, levarán implicitamente aparelado o recoñecemento de interese sanitario, sen necesidade de instar a oportuna resolución da Xefatura Territorial da consellería con competencia en materia de sanidade contemplada no artigo 6.

Non obstante, a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde informará mensualmente á Secretaría Xeral Técnica da consellería con competencia en materia de sanidade de todos aqueles actos, actividades, reunións, cursos, congresos e xornadas referidos no parágrafo anterior.

2. Aos efectos do establecido no punto 1 do artigo 6, a respectiva Xefatura Territorial da consellería con competencia en materia de sanidade poderá solicitar, no seu caso, se o estima conveniente, un informe da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde nos expedientes que tramite sobre o recoñecemento do interese sanitario.

3. A Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde queda exceptuada do cumprimento da obriga de remitir á Xefatura Territorial respectiva as conclusións ou acordos adoptados nos actos mencionados no punto 1.

Disposición adicional única. Modificación do formulario normalizado publicado no Diario Oficial de Galicia

Co obxectivo de manter adaptados á normativa vixente os formularios vinculados a normas reguladoras de procedementos administrativos de prazo aberto, estes poderán ser actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, sen necesidade de publicalos novamente no *Diario Oficial de Galicia*, sempre que a modificación ou actualización non supoña unha modificación substancial destes.

Para a presentación das solicitudes será necesario utilizar os formularios normalizados, dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente actualizados e accesibles para as persoas ou entidades interesadas.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio*

As solicitudes de recoñecemento de interese sanitario presentadas antes da entrada en vigor desta Orde resolveranse conforme a norma vixente no momento da súa presentación

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Derrógase a Orde do 7 de maio de 1992 pola que se regula o recoñecemento de interese sanitario para actos de carácter científico, así como cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta orde.

Disposición final única. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, xx de xxxxx de xxxx

Jesús Vázquez Almuiña
Conselleiro de Sanidade



PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
RECOÑECEMENTO DE INTERESE SANITARIO PARA ACTOS DE CARÁCTER CIENTÍFICO	SA000A	SOLICITUDE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE							
RAZÓN SOCIAL					NIF		
TIPO	NOME DA VÍA			NUM	BLOQ	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE							
Notifíquese a:		<input type="radio"/> Persoa interesada		<input type="radio"/> Persoa representante			
<input checked="" type="radio"/> Electrónica a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, https://notifica.xunta.es .							
Para acceder ao contido dunha notificación será necesario dispor dun dos certificados electrónicos recoñecidos.							
Ao elixir esta modalidade de notificación vostede autoriza a alta no Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@.							
Os avisos da posta a disposición da notificación enviaranse ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a continuación.							
TELÉFONO MÓBIL			CORREO ELECTRÓNICO				
<input checked="" type="radio"/> Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)							
TIPO	NOME DA VÍA			NUM	BLOQ	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			

A PERSONA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:
1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
2. Que a actividade será desenvolvida con pleno cumprimento da normativa laboral, da Seguridade Social, de prevención de riscos laborais, de protección de datos persoais e demais normativa aplicable que se atope vixente en cada momento.
3. Que dispón de orzamento económico suficiente para o desenvolvemento da actividade.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU SE DECLARA ESTAR EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE	PRESENTADO	COD.PROC.	EXPT.E.	ANO
<input type="checkbox"/> Copia do NIF de persoa xurídica, só no caso de non autorizar a súa consulta.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Número de membros da entidade organizadora e composición da xunta directiva	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Publicacións que edita a entidade organizadora	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Actos organizados pola entidade nos dous últimos anos	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Memoria (lugar e data prevista, tipo de actividade, obxectivos e número de participantes)	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Programa científico e relación dos confereciantes/profesorado	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Outra documentación (especificar)	<input type="checkbox"/>			

ANEXO I
(continuación)

Autorizo á Consellería de Sanidade, de conformidade co artigo 35.f da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, a consultar a documentación indicada anteriormente.

Así mesmo, declaro que a devandita documentación está vixente e que non transcorreron máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que corresponde.

Autorizo á Consellería de Sanidade a consultar os datos de identidade da persoa solicitante no sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde do 7 de xullo de 2009 da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

● Si ● Non (neste caso achegarase a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo á seguinte dirección: Consellería de Sanidade, Edificio Administrativo S. Lázaro s/n 15703 Santiago de Compostela.


LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do ___ de _____ de ____ pola que se regula o recoñecemento de interese sanitario para actos de carácter científico

SINATURA DO REPRESENTANTE

Lugar e data

	,	de		de	
--	---	----	--	----	--

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>

Xefatura Territorial de _____ de [Combo delegación]